



<input type="checkbox"/>	ALTA
<input type="checkbox"/>	RENOVACIÓN
<input type="checkbox"/>	DUPLICADO

<b>Nº EXPEDIENTE (A CUBRIR POR VITRASA):</b>			
<b>FOTO</b>	<b>NOME E APELIDOS DO/DA TITULAR</b>		
	<b>D.N.I. DO/DA SOLICITANTE (SE O POSÚE)</b>	<b>TELÉFONO</b>	<b>DATA NACEMENTO</b> ___/___/___
	<b>ENDEREZO</b>		
	<b>LOCALIDADE</b>	<b>CÓDIGO POSTAL</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>
<b>TIPO DE TARXETA SOLICITADA</b>			
	<input type="checkbox"/>	TARXETA PENSIONISTA	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	TARXETA UNIVERSITARIA	<input type="checkbox"/>
		TARXETA ESTUDANTE	<input type="checkbox"/>
		TARXETA SOCIAL	<input type="checkbox"/>
<b>DATOS COMPLEMENTARIOS PARA TARXETA DE PENSIONISTA (EN CASO DE SOLICITUDE DE TARXETA PARA OS DOUS CÓNXUXES)</b>			
NOME E APELIDOS DO/DA CÓNXUXE :			
D.N.I DO/DA CÓNXUXE:			
<b>DATOS DO TITOR/TITORA (CUBRIR NO CASO DE QUE O TITULAR DA TARXETA SEXA UN MENOR)</b>			
NOME E APELIDOS:			
D.N.I:			

**A presente solicitude acompañarase da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos polo perfil.**

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que o CONCELLO DE VIGO, con enderezo na Praza do Rei, S/N (36202), incorporará os seus datos persoais a un ficheiro titularidade do Concello para ser obxecto de tratamento e conservación, coa finalidade da xestión administrativa, estatística, fiscalización e control dos títulos de transporte titularidade desta Administración, encargándose Viguesa de Transportes, S.L. dos trámites de emisión e xestión da dita tarxeta.

Así mesmo, VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L. - VITRASA (en adiante VITRASA), con domicilio en Estr. de Camposancos, nº36 - 36213 Vigo, infórmalle que os datos persoais facilitados a Vitrasa para a obtención de calquera das tarxetas de transporte serán incorporados a un ficheiro titularidade da empresa para a xestión administrativa e contable das tarxetas moedeiro electrónico e a realización doutros trámites derivados (renovacións, duplicados, abonos, certificados, etc.), así como para o control do seu uso e a realización de estatísticas internas, a través do seu tratamento e conservación. Poderanse empregar os seus datos de contacto para comunicacións referidas a incidencias, funcionamento ou demais circunstancias relativas á tarxeta de transporte da que é titular, sen que ditas comunicacións teñan carácter comercial. Os datos persoais poderanse ceder ao Concello de Vigo, titular do servizo de transporte urbano, no caso de que nos fose esixido para a xestión e control dos títulos de transporte, como Administración competente na materia.

Co fin de validar o cumprimento dos requisitos esixidos polo Excmo. Concello de Vigo para a emisión/renovación de perfil no caso de tarxetas personalizadas, vostede CONSENTE a través da firma da presente solicitude en ceder os datos necesarios (no seu caso):

- Ao Concello de Vigo ao obxecto de:
  - Comprobar o empadroamento do titular da tarxeta no Concello de Vigo
  - Solicitar do INSS a validación do cumprimento dos requisitos (Importe das pensións que figuren no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas) da pensión procedente deste Organismo esixidos para a tarxeta pensionista
- Ás Facultades ou Escolas adscritas á Universidade de Vigo coa finalidade de comprobar a matriculación da persoa Titular da Tarxeta Universitaria

O presente consentimento, facultativo e non obrigatorio, manterase en vigor para a solicitude e posteriores renovacións da tarxeta de transporte que requiran o trámite en tanto non sexa revogado polo solicitante, dirixindo unha comunicación expresa neste senso ao enderezo sinalado (Estr. de Camposancos, nº36 - 36213 Vigo). No caso de revogación, e de non presentar o solicitante a información requirida por outra vía, entenderase que desiste da solicitude/renovación da tarxeta de transporte. Para aquelas solicitudes que requiran a comprobación do empadroamento no Concello de Vigo, de non presentarse xustificante xunto coa solicitude vostede consente a consulta on – line desde dato por parte de Vitrasa para validar o cumprimento do requisito. Os datos das tarxetas personalizadas (nome e apelidos, nº de tarxeta, DNI, perfil, fotografía) facilitados no presente formulario sexan comunicados a Novagalicia Banco, S.A. (c/ Rúa Nueva nº 30, C.P. 15003 – A Coruña) aos efectos de que proceda á emisión dos soportes físicos das tarxetas.

Tódolos datos requiridos son de obrigada achega para iniciar a tramitación mencionada, polo que de non facilitalos non se poderá xestionar á súa solicitude. O Titular outorga o inequívoco consentimento respecto ao réxime aquí descrito de tratamento de datos persoais, declarando que os mesmos son exactos e veraces, e obrígase a comunicar a Viguesa de Transportes, S.L., na dirección antes indicada, calquera cambio ou modificación nos datos facilitados.

Poderá exercer, persoalmente ou a través do seu representante legal, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición establecidos pola Lei dirixíndose por escrito, acompañando de documento acreditativo da identidade do titular, ante o Responsable do Ficheiro no enderezo arriba sinalado.

SINATURA DO SOLICITANTE/TITOR:

Data \_\_\_/\_\_\_/\_\_\_

## TARXETA DE TRANSPORTE PERSONALIZADA

### CARACTERÍSTICAS XERAIS

Coa Tarxeta de Transporte beneficiase dunha tarifa reducida, subvencionada polo Concello de Vigo, diferente segundo o perfil ó que teña dereito.

### TRANSBORDO GRATUÍTO:

A Tarxeta permite realizar transbordo gratuito entre liñas unindo dous puntos da cidade que non teñan comunicación directa.

- Só se pode realizar mediante o uso da TARXETA DE TRANSPORTE.
- Unha vez validada a primeira viaxe, dispón de 45 MINUTOS para facer, como máximo, 2 transbordos a outras liñas.
- O transbordo só é válido cando o cambio é a unha liña de DISTINTA NUMERACIÓN que a de orixe. No caso de 2 transbordos, as 3 liñas deben ser distintas.

### SOLICITUDE DAS TARXETAS DE TRANSPORTE: PENSIONISTA – UNIVERSITARIO – ESTUDANTE – SOCIAL

#### SOLICITUDE PRESENCIAL

Debe acudir á oficina de atención que Vitrasa ten aberta no Concello de Vigo. Horario: De luns a venres. De 8:00 a 14:00h.

Documentación necesaria:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto: o impreso pode obterse en [www.vitrasa.es](http://www.vitrasa.es) ou na oficina de atención de Vitrasa no Concello
- Documentación esixida para cada tipo de perfil.

#### SOLICITUDE POR INTERNET

Dende a páxina web de VITRASA, no seguinte enlace: <http://tarjetas.vitrasa.es/>. Pode realizar a solicitude completa e subir os documentos requiridos en función do tipo de tarxeta solicitada. Dispón dun enlace para solicitar o certificado de empadramento.

#### **A RECOLLIDA DA TARXETA DEBERÁ REALIZALA PERSOALMENTE O TITULAR OU TITOR/A**

### PREZO

A emisión da primeira tarxeta será gratuita. Para emisión dunha segunda tarxeta dun mesmo perfil ou no caso de solicitude de duplicado de tarxeta, a persoa titular terá que aboar un importe de 5 euros (IVE engadido).

### RENOVACIÓN

A renovación do perfil realizarase previa comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para a súa emisión. VITRASA comprobará de forma automática o cumprimento das condicións respecto ás Tarxetas UNIVERSITARIO e PENSIONISTA (que perciba pensións do INSS). Estes títulos unicamente teñen que acudir á rede de caixeiros de Novagalicia para confirmar a renovación. As Tarxetas VERDES non se renovan.

A Tarxeta SOCIAL, ESTUDANTE e PENSIONISTA (con pensións de orixe distinta ao INSS) deberán presentar a documentación de forma presencial ou a través de Internet, para a renovación do perfil. Unha vez validada esta documentación por Vitrasa, teñen que confirmar a renovación na rede de caixeiros de Novagalicia.

### TIPOS DE TARXETAS E REQUISITOS

#### TARXETA PENSIONISTA I e II

Requisitos	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Pensionistas</b>, sempre que: <b>PENSIONISTAS I</b> - percepcións máximas anuais que <u>non superen a contía estipulada pola Seguridade Social das pensións non contributivas</u>, terán dereito á tarxeta de transporte de pensionista de tipo I. <b>PENSIONISTAS II</b> - percepcións máximas anuais que <u>non superen o salario mínimo interprofesional</u> establecido para cada ano.</li><li>• <b>Estar empadroado</b> no Concello de Vigo.</li></ul>
Documentación requirida	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Impreso de solicitude debidamente cuberto</b></li><li>• <b>Fotografía tamaño carné</b></li><li>• <b>Fotocopia do D.N.I.</b> ou no seu defecto fotocopia de documento acreditativo da súa identidade.</li><li>• <b>Certificado da pensión actualizada no que figure o importe a percibir</b></li></ul>
Renovación	Ten que renovarse anualmente. A tarxeta é válida ata o último día do mes en que caduca. A renovación da tarxeta realizarase na rede de caixeiros automáticos de ABANCA. PENSIONISTAS con pensións de orixe distinta ao INSS deberán presentar a documentación de forma presencial na oficina de atención de Vitrasa no Concello para a renovación do perfil.

#### TARXETA ESTUDANTE

Requisitos	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Estar matriculado</b> durante o presente curso nun centro de Primaria, Secundaria ou F.P. de Vigo.</li></ul>
Documentación requirida	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Impreso de solicitude debidamente cuberto</b></li><li>• <b>Fotografía tamaño carné</b></li><li>• <b>Fotocopia do D.N.I.</b> ou no seu defecto fotocopia de documento acreditativo da súa identidade.</li><li>• <b>Certificado de matriculación</b> durante o presente curso expedido polo Centro de Ensinanza</li></ul>
Renovación	Ten que renovarse anualmente. A tarxeta é válida ata o último día do mes en que caduca. A renovación do perfil realizarase presencialmente na oficina de Atención de Vitrasa no Concello entregando a documentación requirida.

#### TARXETA UNIVERSITARIO

Requisitos	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Estar matriculado</b> durante o presente curso nunha Facultade ou Escola pertencente ao Campus Universitario de Vigo.</li></ul>
Documentación requirida	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Impreso de solicitude debidamente cuberto</b></li><li>• <b>Fotografía tamaño carné</b></li><li>• <b>Certificado de matriculación</b> durante o presente curso na Facultade ou Escola pertencente ao Campus Universitario de Vigo</li><li>• <b>Fotocopia do D.N.I.</b> ou no seu defecto fotocopia de documento acreditativo da súa identidade.</li></ul>
Renovación	Ten que renovarse anualmente. A tarxeta é válida ata o último día do mes en que caduca. A renovación da tarxeta realizarase na rede de caixeiros automáticos de ABANCA.

#### TARXETA SOCIAL

Requisitos	<ul style="list-style-type: none"><li>• Persoas que perciban o <b>Subsidio de desemprego</b> ou <b>Renda Activa de Inserción</b>.</li><li>• <b>Estar empadroado</b> no Concello de Vigo.</li></ul>
Documentación requirida	<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Impreso de solicitude debidamente cuberto</b></li><li>• <b>Fotografía tamaño carné</b></li><li>• <b>Certificado do INEM (ACTUALIZADO)</b> polo que está percibindo, respectivamente:<ul style="list-style-type: none"><li>○ <b>Subsidio de desemprego, contía do mesmo e período recoñecido.</b></li><li>○ <b>A Renda Activa de Inserción, contía do mesmo e período recoñecido.</b></li></ul></li><li>• <b>Fotocopia da tarxeta de demanda de emprego debidamente actualizada</b></li><li>• <b>Fotocopia do D.N.I.</b> ou no seu defecto fotocopia de documento acreditativo da súa identidade.</li></ul>
Renovación	Ten que renovarse semestralmente. A tarxeta é válida ata o último día do mes en que caduca. A renovación do perfil realizarase presencialmente na oficina de Atención de Vitrasa no Concello entregando a documentación requirida.